

ORDENANZA FISCAL Número . 21
REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN E PRESTACIÓN DE SERVIZOS NO
MERCADO MUNICIPAL

Artigo 1º.- FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a "Taxa pola utilización e prestación de servizos no mercado municipal.

Artículo 2º: FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible da Taxa, a utilización e prestación dos seguintes servizos no mercado municipal:

- a) Concesión de postos e locais fixos.
- b) Ocupación con carácter fixo, por período de tempo determinado ou con carácter esporádico dos postos.
- c) Venta ambulante no recinto exterior do mercado.
- d) Traspaso de postos e locais, nos casos autorizados

Artigo 3º: SUXEITOS PASIVOS

Están obrigados ao pago da Taxa regulada nesta Ordenanza, as persoas naturais ou xurídicas a favor de quen sexa outorgada a concesión de postos ou locais fixos, a licenza para ocupación de postos, tanto con carácter fixo, por período de tempo determinado ou con carácter esporádico, ou a licenza para o seu traspaso, así como aquelas ás que se autoricen para a utilización do recinto exterior do mercado para a venda ambulante.

Artigo 4º.- RESPONSABLES

1.- Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei xeral tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º:- COTA TRIBUTARIA

1.- A cota tributaria calcularase de acordo coas tarifas que se conteñen no apartado seguinte.

2.- TARIFAS

Epígrafe 1º. Canon mínimo de adxudicación de postos ou locais fixos:

Posto ou local	Importe canon adxudicación
1 ao 4	6.335,08 EUROS
5	87.508,29 EUROS
6	4.087,44 EUROS
7	1.403,54 EUROS
8	4.350,93 EUROS
9 e 10	3.264,01 EUROS
11 ao 22	816,02 EUROS
23 ao 32	3.877,65 EUROS
Cafetería	10.444,84 EUROS



Epígrafe 2º. Pola utilización con carácter fixo ou temporal dos postos ou locais.

Posto ou local	Situación/uso/ destino/superficie	Euros / Mes
1 ao 4	Libre-16.2 m2	78,34 EUROS
5	Supermercado-383 m2	757,25 EUROS
6	Pescadería-17.89 m2	66,46 EUROS
7	Libre-4.30 m2	22,45 EUROS
8	Pescadería-13.33 m2	69,61 EUROS
9 e 10	Libre- 10 m2	52,22 EUROS
11 ao 22	Libre-10 m2	39,17 EUROS
23 e 27	Libre-14.85m2	78,34 EUROS
24 al 26	Carn.charcut-14.85 m2	78,34 EUROS
28 e 29	Carn.charcut-14.85 m2	78,34 EUROS
30 e 31	Libre-14.85 m2	78,34 EUROS
32	Carn.charcut-14.85 m2	78,34 EUROS
Cafetería	32 m2	117,50 EUROS

No caso de agrupación de locais para o exercicio dunha mesma actividade, a cota resultante reducirase en un 25 %.

Epígrafe 3º. Venda ambulante no recinto exterior do mercado: 19,58 EUROS por m2 e mes.

**** Nota común aos Epígrafes 2º e 3º.-** Cando o tempo de ocupación dos postos, tanto por período de tempo determinado a priori, como con carácter esporádico ou cando o exercicio da venda ambulante sexa inferior a un mes, ou cando o tempo de ocupación/exercicio da venda exceda do/dos períodos de mes/meses, a Tarifa aplicable aos días de exercicio ou aos días que excedan do período/s de mes/meses, será a seguinte; sen prexuízo da aplicación da Tarifa 2ª para a liquidación dos meses completos do exercicio que correspondan:

Posto ou Local	Euros / día
1 ao 4	4,58 EUROS
5	32,64 EUROS
6	3,81 EUROS
7	1,54 EUROS
8	4,78 EUROS
9 e 10	3,60 EUROS
11 ao 22	1,63 EUROS
23 ao 32	3,27 EUROS
Venda ambulante exterior mercado(1 m2)	0,98 EUROS

Venda ambulante no recinto exterior do mercado: 0,98 EUROS. por m2 e día.

Epígrafe 4º. Traspaso de locais:

O 30 % do prezo real acordado polas partes.

As permutas de locais entenderanse equiparadas aos traspasos e se esixirá a Taxa a cada un dos permutantes.

Non sendo esixible a taxa por este epígrafe nas transmisións entre pais e fillos, entre cónxuxes ou parellas de feito.

Artigo 6º: - DEVENGO

1.- A obrigación do pago do canon de adxudicación dos postos ou locais fixos nace o día do outorgamento da correspondente licencia de concesión.



2.- A obrigación de pago da Taxa polo traspaso dos postos ou locais fixos nace o día do outorgamento da correspondente licencia de traspaso.

3.- A obrigación de pago da taxa pola ocupación de postos ou locais fixos con carácter continuado, nace o día de outorgamento da licencia de concesión, devengándose posteriormente o primeiro día de cada mes seguinte, mentras dure a concesión.

4.- A obrigación de pago da taxa polo exercicio da venda ambulante no recinto exterior do mercado con carácter continuado nace o día do outorgamento da licencia de concesión, devengándose posteriormente o primeiro día de cada mes seguinte, mentras dure a concesión.

5. A obrigación de pago da taxa pola ocupación de postos ou locais fixos con carácter esporádico nace cada un dos días no que se produza a ocupación dos postos ou locais o a venda ambulante no recinto exterior do mercado.

Artigo 7º: - XESTIÓN

As liquidacións da Taxa regulada nesta Ordenanza practícaranse polo Departamento de Xestión Tributaria:

1.- Nas adxudicacións e traspasos de postos ou locais fixos, o día que ao Departamento de Xestión Tributaria lle sexa notificado o acordo de concesión ou traspaso.

2.- As liquidacións referentes a utilizacións de postos ou venda ambulante con carácter continuado efectúaranse mensualmente. En caso de utilizacións outorgadas una vez iniciado o mes, practícarase a liquidación correspondente aos días dese mes segundo a Tarifa especificada na nota común aos Epígrafes 2º e 3º do artigo 5º.2 desta Ordenanza, xunto co importe que corresponda liquidar no mes seguinte.

As liquidacións referentes a utilizacións de postos ou venda ambulante con carácter esporádico efectúaranse polos días concretos y /ou meses en que se produce o feito impositivo, xirándose a liquidación no mes seguinte no caso de autorizacións por días e no propio mes en caso de autorizacións por meses completos.

3. O pago das liquidacións a que se refire o apartado anterior efectúaranse entre os días 10 e 15 de cada mes mediante cargo en conta bancaria indicada polos suxeitos pasivos, polo que é obrigatorio domiciliar o pago nunha institución bancaria.

DISPOSICIÓN FINAL:

A presente Ordenanza foi aprobada polo Pleno do Concello de data 11 de novembro do ano 1.998 publicándose o seu texto íntegro no B.O.P. o 31 de decembro do ano 1.998.

Por Pleno de data 31 de xullo do 2.000 modificouse o artigo 5º e incluíuse unha disposición transitoria, publicándose o texto de ambos no B.O.P nº 61 de 15 de marzo do 2.001

Por Pleno de data 15 de novembro modificouse o artigo 5º, publicándose o seu texto no B.O.P. nº 29 de data 4 de febreiro do 2002.

Por Pleno de data 26 de maio de 2004 rectificouse con efectos 15/11/2001 o acordo acadado polo Pleno do Concello en Sesión de 15 de novembro de 2001, relativo á modificación do artigo 5º.

Por Pleno de data 25 de setembro do 2008 modificáronse os artigos 1º, 3, 4º e derogouse a disposición transitoria, publicándose os textos dos artigos no BOP Nº 285 de 12 de decembro do 2008.

Por Pleno de data 29 de setembro do 2011, modificouse o artigo 5º, publicándose o texto íntegro no BOP Nº 241 de data 21 de decembro do 2011.

Por Pleno de data 25 de setembro do 2012, modificouse o artigo 5º, publicándose o texto íntegro no BOP Nº 241 de data 19 de decembro do 2012.

Por Pleno de data 31 de outubro do 2013, modificouse o artigo 5º, publicándose o texto íntegro no BOP Nº 248 de data 31 de decembro do 2013.

Por Pleno de data 26 de outubro do 2017, modificáronse os artigos 6º e 7º, publicándose os textos íntegros no BOP Nº 246 de data 29 de decembro do 2017.



CONCELLO DE OLEIROS
Xestión Tributaria/Recadación

Ordenanza 21

Utilización do
Mercado Municipal

DISPOSICIÓN TRANSITORIA.- Derogada